

UNHA BONITA MAÑÁ 1087

Mia Hansen-Løve, 2022

ESTREA EN NUMAX: 31.03.2023 | V.O.S.E. | +12 | 112 min

Unha muller cunha filla de oito anos vive co seu pai, que padece unha enfermidade neurodexenerativa. Mentres loita por conseguir un fogar de anciáns decente, atópase cun amigo que levaba tempo sen ver. Aínda que el está comprometido noutra relación, inician unha apaixonada historia.

«Un retrato profundo e cativador do amor, a perda e o sempre recordado»

Katie Walsh, THE WRAP



Entrevista con Mia Hansen-Løve: «Teño menos medo á enfermidade grazas a este filme»

Por Anthony Jammot

Unha bonita mañá aborda a angustia e a tristeza da enfermidade, á vez que retrata o renacemento e a felicidade do amor. Por que escolliches esta dobre lectura? Nunca podería facer un filme que só mirase o lado escuro da vida. Este filme intenta captar con lucidez e transparencia o carácter tráxico e irremediable na enfermidade e o sufrimento que supón. Pero a realización só foi posible cando outra idea apareceu ao encontro desta primeira. Ás veces a vida pode parecer totalmente cruel, pero sempre hai algo que nos sorprende. Iso é o que me interesaba e o que me inspiraba. A algúns cineastas gústalles empurrar os espectadores cara a tristeza, ás veces con resultados moi potentes. Pero para min, ese nunca será o meu proxecto cinematográfico.

A miúdo narras as etapas da túa propia historia a través dos teus filmes. Como naceu a necesidade de retratar a enfermidade dexenerativa do teu pai? Tiven que aceptar que non podía avanzar sen abordar este tema. Era como se algo se interpuxese no meu camiño. Cando me proxectaba no futuro, no que quería escribir, estaba aí, volvía, perseguíame. Non podía evitalo. Hai filmes que decidín facer, que quería facer, como *A illa de Bergman* (2021) ou *Eden* (2014), e despois hai filmes que se converteron unha necesidade, como este.

Vícheste a ti mesma na interpretación de Léa Seydoux? Hai unha gran forza en Léa. Encarna á vez unha presenza eminentemente feminina e ao mesmo tempo, hai algo case masculino nela, un poder, un magnetismo moi forte. Non teño a sensación de parecerme en nada a Léa, ofrecínlle o papel porque sei que ela ten o talento necesario para facer a viaxe cara este personaxe. Pero para min tamén é o desexo de liberarme do que son e achegarme a ela e ao que encarna. Hai unha emoción nela que non é fabricada nin artificial. Coñezo poucas actrices da súa xeración en Francia capaces de facer iso. É como se levase dentro unha tristeza que lle sae de forma natural e que lle confire á súa interpretación verdade e sinxeleza. Xa ten unha gran filmografía, traballou con moitos directores, ten moita experiencia... pero conservou unha inocencia que me conmove. E iso non ten prezo.

Pascal Gregory interpreta con gran precisión o papel dun home que vai perdendo pouco a pouco a vista, a memoria e a razón. Conmoveuna a súa interpretación? A abnegación de Pascal pareceume asombrosa. Literalmente fíxose a un lado para deixarlle sitio ao personaxe. No filme, esquecemos a Pascal. Debémollo á súa humildade, á súa capacidade de escoita, á súa atención á dirección e á confianza que depositou en min e que nos permitiu traballar en perfecta harmonía. O personaxe conmoveuno, viu máis alá da enfermidade todo o que Georg puido ser, ese home intelectual, delicado, púdico e melancólico, e transmitiu todo iso de forma moi sutil.

Ti tes medo a envellecer? Máis que a envellecer, teño medo á enfermidade. Ao estar tan preto da enfermidade de meu pai -e sei que moitas outras enfermidades dexenerativas se lle parecen- si, paréceme arrepicante. Facer este filme foi para min unha forma de domar o medo. Teño menos medo agora que fixen este filme, teño menos medo despois de vivir, tan de preto, tantas experiencias relacionadas con esta enfermidade. Pero o filme e o cinema en xeral permítenme domesticar a vida e os seus medo e, polo tanto, o medo á enfermidade.



Na librería
NUMAX
numax.org/libreria

Un amour de jeunesse,
Mia Hansen-Løve.
Cameo [DVD]

Eden,
Mia Hansen-Løve.
ABORDAR [DVD]

El porvenir,
Mia Hansen-Løve.
Golem [DVD]